

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Francisca Gómez Santos, secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, **DECLARA:**

1. Que esta Consellería de Política Social, ten previsto formalizar unha nova adenda ao Convenio de cooperación asinado con data 5 de abril de 2018 entre a Consellería e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela.

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, introducida, por exixencias do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e do procedemento de seguranza da súa calidade, que derroga o Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, anterior normativa de desenvolvemento, ponse unha especial énfase na realización de prácticas externas que, como establece o artigo 11 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polas persoas estudantes universitarias e supervisada polas universidades, ao obxecto de permitirlles aplicar e completar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento. O Suplemento Europeo ao Título recollerá as prácticas realizadas pola persoa estudante.

Xa no Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario, recolle no dito Estatuto, concretamente no seu artigo 8, entre outros, o dereito específico das persoas estudantes de Grao a «dispor da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que porán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á finalidade formativa das mesmas» (letra f) e a «contar con tutela efectiva, académica e profesional, no traballo de fin de grao e, no seu caso, nas prácticas externas que se prevexan no plan de estudos» (letra g).

Con maior detalle, o artigo 24 do dito Estatuto regula as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais, así como a extensión da súa realización a todos as persoas estudantes matriculadas en calquera ensinanza impartida polas universidades ou centros adscritos as mesmas.

Aos efectos de desenvolver a regulación das referidas prácticas académicas externas, aprobouse o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, o cal constitúe a norma básica na materia.



As prácticas académicas externas, como actividade de natureza formativa e polo tanto non laboral, poderán realizarse na súa modalidade curricular formando parte do plan de estudos e do proxecto formativo do título podendo concretarse en materia ou asignaturas obrigatorias ou optativas, e na súa modalidade extracurricular.

A súa realización exixirá a subscrición de convenios de cooperación educativa entre a universidade, os seus centros propios e adscritos, e as entidades, empresas, organizacións sociais e sindicais ou a administración, que recollerá o proxecto formativo que desenvolverán as ditas prácticas e as condicións nas que se implementará.

A universidade deberá dispor da súa normativa específica de desenvolvemento destas prácticas aprobada polos seus órganos de goberno. Na dita normativa recollerase como mínimo os requisitos das persoas estudantes e as entidades colaboradoras, o contido dos convenios, os mecanismos de seguimento e avaliación das prácticas, o seu recoñecemento académico, a labor de coordinación e titorización académica, a duración, os horarios de realización, e as adaptacións necesarias para as persoas estudantes con discapacidades e necesidades específicas de apoio educativo.

Así o exposto, a Consellería de Política Social e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron con data 5 de abril de 2018, un Convenio de colaboración para a realización de prácticas académicas externas por parte das persoas alumnas da Universidade en diversos centros e dependencias da Consellería, tanto curriculares como extracurriculares. As persoas estudantes en prácticas non recibirán ningunha contraprestación económica por parte da Consellería.

A vixencia comprendía catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser prorrogado por outro prazo igual ao establecido de xeito inicial. O día 25.03.2022 asinouse a prórroga deste convenio.

O convenio aplicase a unha serie de titulacións directamente vinculadas cos eidos materiais competencia da Consellería:

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria

Grao en Educación Social

Grao en Pedagogía

Grao en Traballo Social

Grao en Óptica e Optometría

Grao en Psicoloxía

Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria

Máster Universitario en Psicoxerontoloxía

Máster Universitario en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe



Máster Universitario en Procesos de Formación

Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Máster Universitario en Servizos Culturais

Máster Universitario en Optometría

Ao abeiro do dito convenio ás prácticas poden ampliarse en relación a outras titulacións que garden relación coas prestacións competencia da Consellería de Política Social.

A estes efectos asináronse con data 25 de marzo de 2019 dúas addendas incorporando ao convenio ás seguintes titulacións:

Máster Universitario en Xerontoloxía.

Grao en Nutrición Humana e Dietética.

Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.

Con data 24 de xuño de 2021 e a proposta da Universidade, asinouse unha nova addenda que incorpora unha nova titulación, concretamente:

Especialidade en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria ao Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria que xa obra entre as titulacións.

Con data 14 de outubro de 2021 e a proposta da Universidade asinouse unha nova addenda que incorpora a titulación de Grao en Criminoloxía.

Con data 03 de marzo de 2022 e tamén a proposta da Universidade asinouse unha nova addenda que incorpora a titulación do Máster Universitario en Tecnoloxías en Marketing e Comunicación Política.

Con data 05 de maio de 2023 e tamén a proposta da Universidade asinouse unha nova addenda que incorpora a titulación do Máster en Saúde Pública.

Con data 12 de xullo de 2023 e tamén a proposta da Universidade asinouse unha nova addenda que incorpora a titulación do Máster Oficial en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica e Forense.

O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, engadiu unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, no que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas.



De acordo con esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao abeiro da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desa disposición adicional.

Este novo réxime entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2024.

Por todo o indicado, faise necesario tramitar unha addenda no convenio asinado entre a Consellería e a USC que recolla a quén lle corresponde asumir as obrigas relativas á cotización á Seguridade Social do alumnado en prácticas.

Ambas partes acordan que a Universidade asumirá a cotización e tramitación da alta do estudantado na Seguridade Social, agás no que se refire ao estudantado dos centros adscritos, xa que neste caso será o propio centro o que asumirá esta obriga.

Ao respecto, existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en abordar a presente addenda en orde á consecución dos obxectivos establecidos no instrumento de cooperación educativa.

2. Sobre á natureza da procedencia do instrumento convencional, no artigo 7 de antedito Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, establece que para a realización das ditas prácticas externas, as universidades e, no seu caso, as entidades xestoras de prácticas a elas vinculadas, subscribiranse convenios de cooperación con entidades colaboradoras previstas no seu artigo 2.2, entre elas as administracións.

Os ditos instrumentos de cooperación configúranse como o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora e a universidade e, no seu caso, a referida entidade xestora das prácticas, establecendo o dito Real decreto, as estipulacións que os deban integrar.

Así o exposto e os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro determina que o obxecto da cooperación non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao indicado, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da addenda ao convenio de cooperación que se pretende, nos termos do dito convenio, coa exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

